



VERÁNS DE LECER CONSUMO

Programa estacional da Xunta de Galicia, que desenvolve o Instituto Galego do Consumo e da Competencia durante o verán 2024.

A través do concepto de lecer responsable trabállanse diversas temáticas relacionadas co consumo responsable: a publicidade, os dereitos das persoas consumidoras e usuarias, a etiquetaxe ou o uso das novas tecnoloxías.

As actividades deseñadas para cada grupo de idade son GRATUITAS, de carácter lúdico e participativo, ao tempo que pedagóxicas e promotoras da aprendizaxe colaborativa.

Os concellos poderán solicitálas a través do enderezo electrónico igc.escuela@xunta.gal e atenderase ás solicitudes por rigorosa orde de entrada.

O Concello deberá dar a adecuada publicidade e facer constar o nome do programa “Veráns de LecerConsumo” do IGCC en todas as actividades, actuacións, materiais e difusión que formen parte do proxecto, coa inserción da imaxe corporativa institucional básica da Xunta de Galicia, de conformidade co establecido no Decreto 112/2021, do 22 de xullo, polo que se aproba o uso dos elementos básicos da identidade corporativa da Xunta de Galicia.



XOGUETEANDO: UN LECER DIFERENTE!

Idade: De 3 a 6 anos

Duración: 1 hora

Descrición: Narración dun conto animado para promover un consumo responsable e un lecer activo, traballando ademáis os xoguetes seguros e sen riscos. Finaliza coa fabricación polos nenos e nenas dunha volvoreta, presente no conto.

A XINCANA DO CONSUMO RESPONSABLE

Idade: De 7 a 12 anos

Duración: 1 hora

Descrición: Realización dunha xincana onde os grupos teñen que superar diferentes probas nas que se traballan cuestións relacionadas co consumo responsable. Finaliza co deseño e realización dun cartel sobre o consumo responsable e sostible (hábitos de compra, obsolescencia programada, as 3R, reducir o consumo de auga e enerxía...)



O MERCADOIRO!

Idade: De 13 a 14 anos

Duración: 1 hora

Descrición: Elaboración dun mercado con produtos de consumo cotián, cada un co seu correspondente prezo, no cal, a cada participante se lle entregará unha serie de moedas ficticias, as cales terán que intercambiar polo produtos que crean necesarios para o seu consumo nun tempo establecido. Finalmente compararase a compra que fixo cada participante, para saber a prioridade dos produtos en cada caso.

Material:

Produtos ficticios para poñer no mercado.

Moedas ficticias.

A FABRICA DOS CONTIDOS

Idade: De 15 a 17 anos

Duración: 1 hora

Descrición: En primeiro lugar, dividiranse aos participante en equipos, os cales terán que deseñar un produto que lles axude na súa vida cotián ou que non exista no mercado, para posteriormente, presentalo ao resto de grupos mediante a elaboración dun pequeno anuncio. Finalmente os produtos serán poxados entre todos os grupos para saber cal sería o prezo ideal segundo a súa utilidade e calidade.



XUNTA
DE GALICIA



CHARLA PARTICIPATIVA: “RECLAMA-ACCIÓN”

Idade: de 18 anos en adiante

Duración: 1 hora

Descrición: Charla participativa, aberta e dinámica, que ten como obxectivo dar a coñecer o dereitos das persoas consumidoras e usuarias, especialmente no verán. En primeiro lugar, comezarase cunha pequena exposición sobre os nosos dereitos básicos como persoas consumidoras, para posteriormente, poñer en practica a defensa de ditos dereitos mediante exemplos de reclamacións reais que se resolverán de maneira conxunta.

INFORMACIÓN E SOLICITUDES:

Instituto Galego do Consumo e da Competencia

web: consumo.xunta.gal

Enderezo electrónico: igc.escuela@xunta.gal

Teléfonos: 881 999 093



**XUNTA
DE GALICIA**